

Corrección de erros.-Orde do 9 de marzo de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do xoves 10 de marzo de 2005, é necesario efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 4.152, no artigo 13º punto 1 letra b) parágrafo primeiro, onde di: «De tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas. Cando se trate de empresario individual ou comunidade de bens, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda, alta no imposto de actividades económicas, ou ben alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.», debe dicir: «Alta no imposto de actividades económicas, ou ben alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

De tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.».

Na páxina 4.153, no artigo 16º, no punto 1 apartado B, na letra b) cuarto guión, onde di: «De non achegarse con anterioridade, se o solicitante é persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas. Cando se trate de empresario individual ou comunidade de bens, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda, alta no imposto de actividades económicas, ou ben alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.», debe dicir: «De non achegarse con anterioridade, alta no imposto de actividades económicas, ou ben alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda, e se o solicitante é persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.».

Resolución do 2 de marzo de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo da empresa Vulcarol, S.L. (persoal de limpeza industrial da refinaría de Repsol-Petróleo da Coruña).

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo da empresa *Vulcarol, S.L.* (persoal de limpeza industrial da refinaría de *Repsol-Petróleo* da Coruña), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 24-2-2005 e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 9-2-2005, de conformidade

co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que figura nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 2 de marzo de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo para o persoal da limpeza industrial da refinaría de *Repsol-Petróleo* da Coruña (*Vulcarol, S.L.*)

Na Coruña o 9 de febreiro de 2005, reúnese, nos locais de *Vulcarol, S.L.* sitios na Coruña no polígono da Grela na rúa Gambrinus, 54, segundo o estipulado no artigo 6º do convenio colectivo de referencia, a comisión paritaria integrada por:

Representación social: Javier Souza Vázquez.

Representación empresarial: José Manuel Lourido Nebril.

Iniciada a sesión acordan:

A aplicación dos artigos 46º, 9º e 10º do vixente convenio colectivo, referentes á revisión salarial, incremento económico e incremento da antigüidade consolidada para o ano 2005.

Chegado a acordo, procédese á elaboración da táboa salarial, que se xunta.

Así mesmo acórdase facultar a Lois Soto Sabio para tramitar o rexistro desta acta na delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, para os efectos do seu rexistro, publicación e demais trámites procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as 14.00 horas, no mesmo lugar e data do encabezamento.

Rubricado en proba de conformidade:

Javier Souza Vázquez: delegado de persoal (CIG).

José Manuel Lourido Nebril: representante da empresa.